

Nome _____

Data _____

A Volta ciclista e o relevo de España

Os ciclistas son os deportistas que máis experimentaron a variedade do relevo español. Cada ano que participan na Volta a España percorren máis de 3.000 quilómetros do territorio español, repartidos en máis de vinte etapas. Coas súas bicicletas, ascenden e descenden montañas, percorren vales e fan contrarreloxo en chairas.

Unha das etapas máis difíciles da Volta a España é a que ascende ata os lagos de Covadonga, no Principado de Asturias. Realizouse en máis de dezasete ocasións desde o ano 1983.

Os lagos de Covadonga son dous lagos de orixe glaciaria, o Enol e o Ercina, e a lagoa do Bricial, situados a algo máis de 1.000 m de altitude.

Estes lagos están nun dos conxuntos montañosos máis abruptos da Península, os Picos de Europa, na Cordilleira Cantábrica. Esta paisaxe foi declarada en 1918 o primeiro parque nacional de España.

O ascenso aos lagos de Covadonga é unha etapa ben coñecida polo ciclismo internacional debido ao gran esforzo físico que hai que realizar para completala. Para chegar á meta, os ciclistas teñen que superar o ascenso e o descenso de ladeiras con fortes pendentes.




Etapa 15 da Volta ciclista a España.

1 Le e marca a resposta correcta.

- Por que a etapa dos lagos de Covadonga é unha das máis difíciles da Volta ciclista?
 - ☐ Porque os lagos de Covadonga están dentro dun parque nacional.
 - ☐ Porque os ciclistas ascenden e descenden fortes pendentes.
 - ☐ Porque é moi coñecida en todo o mundo.
- Cantos lagos forman os lagos de Covadonga e como se chama cada un?
 - ☐ Son dous lagos, Enol e Ercina, e a lagoa do Bricial.
 - ☐ Son dous lagos, Enol e Ercina.
 - ☐ Son tres lagos, Enol, Ercina e Brezo.

- 2** Observa este perfil do percorrido dunha das etapas dos lagos de Covadonga. Á esquerda do gráfico están representadas as altitudes do terreo.



- A que altitude está a localidade de saída da etapa? _____
- A que altitude está a meta? _____
- Cal é a altitude máis baixa á que chegan os ciclistas? _____
- En que localidade está? _____
- Cal é a altitude máis alta que soben os ciclistas? _____
- A que lugar corresponde? _____
- A cantos quilómetros da saída está? _____
- Onde está a máxima pendente, é dicir, onde está a ladeira máis inclinada?

- Está preto da meta esta pendente? _____

3 Responde.

- En que montañas se sitúan os lagos de Covadonga? _____
- A que unidade do relevo corresponden? _____
- Que orientación teñen? _____